

LINGUA E LITERATURA

1 ESO

Agustín Fernández Paz
Ana Iglesias Álvarez
Anaír Rodríguez Rodríguez
Miguel Louzao Outeiro
Xabier Campos Villar
Xosé Manuel Moo Pedrosa

unidade_6

as_novas_tecnoloxías



sumario	lectura e comentario 92
	<i>O meu gato é un poeta, Fran Alonso</i>
	tipos de textos 96
	<i>O textos poéticos</i>
	o tecido da lingua 98
	<i>A cohesión</i>
	técnicas da escrita 99
	<i>O subliñado</i>
os nomes das cousas100	
<i>As novas tecnoloxías</i>	
a lingua por dentro102	
<i>Verbos irregulares e perífrases verbais</i>	
letras e signos104	
<i>Uso de b / v</i>	
síntese105	
proba de avaliación106	

previo

- *Tes ordenador na casa? Para que usas o ordenador?*
- *Tes máis aparellos electrónicos que uses a miúdo?*
- *Gústache a poesía? Coñeces de memoria algún poema da literatura galega?*
- *Cres que a música e as letras das cancións teñen algo que ver coa poesía?*

O meu gato poeta
 enreda coas palabras,
 bótaas a rodar,
 retórcelles o pescozo,
 déixaas inservibles,
 e logo recupéraas coa boca
 e fai poesía oral.
 O meu gato poeta
 sempre pon ao límite
 as palabras que lle entrego.
 Con elas fai malabarismos,
 trucos de maxia;
 coma un equilibrista,
 sobe á corda frouxa
 e, ás veces,



<http://www.gatopoeta.net/malabarista>

precipitase ao abismo.

**POESÍA, UNHA ARMA
 CARGADA DE FUTURO**

- POESÍA, COSMOS
- POESÍA UNIVERSO
- POESÍA, CÓDIGO Q
- POESÍA, SÉCULO XXIII
- POESÍA IPOD
- POESÍA MP3
- POESÍA IPHONE
- POESÍA SMS
- POESÍA WWW.WEB
- POESÍA@MAIL
- POESÍA E-BOOK
- POESÍA CÓDIGO DE BARRAS
- NEUROPOESÍA, CIBERPOESÍA
- POESÍA, PETRÓLEO EN PALABRAS
- POESÍA, ENERXÍA RENOVABLE

104
2
3141
BEST SELLER POETRY
2 34 20138
9

€€€€€€€€€€
 EUROPOESÍA



Fran Alonso: *O meu gato é un poeta*
 Edicións Xerais de Galicia



Fran Alonso (Vigo, 1963), ademais de ser escritor, foi xornalista e na actualidade traballa como editor. Escribiu obras narrativas como Cemiterio de elefantes, O brillo dos elefantes, Males de cabeza ou Cartas de amor. Tamén cultivou a poesía en Subversións, Cidades e O meu gato é un poeta. En 2006 publicou Poetízate, unha antoloxía da poesía galega destinada á mocidade.

No seu blog www.franalonso.eu podes atopar información sobre as súas obras.

Comprendemos

1. Busca nestes poemas as palabras que corresponden coas seguintes definicións. Cada raiá representa unha letra. Logo escribe unha oración que exemplifique o seu uso.

Xogos de destreza e axilidade ▶ -----
 Persoa que fai xogos mantendo obxectos, ou manténdose ela mesma, en equilibrio.
 ▶ -----
 Lugar moi profundo e insondable ▶ -----
 Espazo exterior á atmosfera terrestre ▶ -----
 Conxunto de símbolos ou signos que permiten crear mensaxes ▶ -----
 Expresado ou transmitido pola voz, pola palabra ▶ -----

2. No poema «O meu gato poeta» hai unha elaboración dun debuxo con palabras, o que se chama **caligrama**. Ten en conta o significado das palabras que aparecen e explica o seu sentido.
3. Cantos verbos hai en «Poesía, unha arma cargada de futuro»? O autor non quixo contar unha pequena historia, como acontece no primeiro poema, senón que con cada verso expresou unha idea. Cal é a idea transmitida en cada verso? Cal é a idea xeral de todo o poema?
4. Cada un destes poemas usa un tipo de letra diferente e os versos tamén están colocados de diferente maneira.
- Cal é o máis tradicional? E o máis innovador? Que cres que pretendeu o autor en cada caso?
 - Que outros elementos gráficos aparecen no poema da páxina 93? Que significado poden ter?

Expresámonos

5. Un dos poemas titúlase «Poesía, unha arma cargada de futuro». Ponlle ti un título adecuado ao poema que comeza «O meu gato poeta».
6. Na poesía é moi importante o contido, mais tamén a forma: como está escrito o poema para crear ritmo e musicalidade. Atendendo a isto, facede unha lectura en voz alta de cada un destes poemas. Debemos ler os dous do mesmo xeito? Razo a túa resposta.
7. Pensa nun animal que che guste e imaxina como sería que ese animal falase.
- Escribe un poema no que o teu animal preferido fale da escola. Debes utilizar algún caligrama.
 - Escribe outro poema de amor no que non haxa verbos.
 - Despois lede os dous en voz alta.

Ampliamos

8. *bótaas a andar,
retórcelles o pescozo,
déixaas inservibles*
- Coloca os pronomes átonos que se indican na posición adecuada.
 - Non ____ dou ____ máis xoguetes até que non acabes as tarefas da casa. **che**
 - Sempre ____ leva ____ ao cine os mércores pola tarde. **te**
 - ____ trouxo ____ un e-book da súa viaxe. **lle**
 - ____ dixó ____ que ____ tiña ____ que dar os apuntamentos despois da clase. **les**
 - ____ como ____ con cacao e galletas todas as mañás. **o**
 - Ten que ____ levar ____ a amañar porque está estragado. **cho**

9. *sobe á corda frouxa*

Sobe é a 3ª persoa do presente do verbo *subir*, que presenta alternancia vocálica no presente de indicativo.

• Conxuga estes verbos que tamén presentan alternancia:

SUBIR	DURMIR	SERVIR	SEGUIR
subo			
sobes			
sobe			
subimos			
subides			
soben			

10. Volve ler os dous poemas e xustifica todas as palabras que levan acento.

Exemplo: *Poesía* ▶ Para indicar que é un hiato, non un ditongo.

Investigamos

11. Agora imos investigar o gato poeta. Entra no enderezo www.gatopoeta.net, mete a clave «segredosdogatopoeta» e clica nos diferentes debuxos que aparecen abaixo de todo.
- Le ou escoita os poemas até que teñas información para contestar estas preguntas:
 - Hai un poema protagonizado por dous animais, cales son?
 - Que tipo de palabras lle gustan ao gato poeta? Por que?
 - Que busca un globo cando sobe polo aire? A que se parece?
 - Que é un haiku?
 - Cales son os dous poemas que máis che gustaron? Deixa na web a túa opinión sobre eles.





Os textos poéticos

Maio longo..., maio longo,
 todo cuberto de rosas,
 para algúns telas de morte,
 para outros telas de vodas.
 5 Maio longo, maio longo,
 fuchos curto para min,
 veu contigo a miña dita,
 volveu contigo a fuxir.

Rosalía de Castro: *Follas novas*

Soamente soño
 que me veñas buscar á casa
 cun globo na man
 e que me digas: —Toma
 5 este globiño é para ti
 quérote moito.
 (domingo
 das festas)

Celso Fernández Sanmartín: *Sen título*

Os dous textos que acabas de ler son poemas. Como sabes, os textos poéticos posúen unhas características propias, tanto no seu contido como, sobre todo, na súa forma.

No que se refire ao **contido**, o poema expresa as ideas e sentimentos do seu autor, a súa visión do mundo. Trátase de textos marcados pola subxectividade.

En canto á **forma**, os poemas adoitan estar escritos en versos (un verso é cada unha das liñas do poema). Os versos adoitan aparecer agrupados en estrofas.

Pero cando falamos da forma referímonos, sobre todo, á utilización que se fai da lingua. Un poema caracterízase pola súa economía verbal, pois hai sempre unha coidadosa selección e ordenación das palabras. O poeta xoga con elas, dálles novos sentidos, explora os seus diferentes significados. É dicir, hai un alto emprego da **polisemia** e a **connotación**.

1. Le con atención os dous poemas. Que ideas, sentimentos ou sensacións cres que nos transmite cada un deles?
 - Sinala algúns versos onde sexa evidente a expresión da subxectividade do poeta.

O ritmo e a rima

- **Ritmo** É o elemento esencial do poema, pois nel reside a súa musicalidade. A base do ritmo é a repetición (de sons, de acentos, de palabras, de ideas...).
- **Rima** Consiste na igualdade dos fonemas situados a partir da última vogal acentuada de cada verso. Hai dúas clases de rima:
 - **Consoante:** repítense as vogais e as consoantes despois desa última vogal acentuada.
 - **Asonante:** chámase así cando as que se repiten son só as vogais.

2. No poema de Rosalía, examina a súa rima. Que versos riman entre si? De que tipo é a rima?
 - No poema de Celso Fernández, os versos riman entre si ou son versos libres?

Polisemia: pluralidade de significados que pode posuír unha palabra.

Connotación: significado subxectivo que, en certos contextos, se lle engade ao significado inicial dunha palabra.

Aspectos a través dos cales se consegue o RITMO no poema

- Medida silábica dos versos.
- Distribución dos acentos de intensidade dentro do verso.
- Rima.
- Pausas, repeticións e paralelismos...

Moitos poemas non presentan rima, senón que están escritos en **versos libres**: prescinden da rima e da medida dos versos.

Algúns recursos da linguaxe poética

A repetición de elementos

O ritmo é un elemento esencial dun poema. Xa sabes que adoita conseguirse con recursos como a medida dos versos, a rima ou a distribución dos acentos ao longo do verso.

Outro procedemento moi utilizado é a repetición dalgúns elementos:

Aliteración Repetición dalgúns sons determinados, vocálicos ou consonánticos, en palabras próximas.

Anáfora Repetición dunha palabra ou grupo de palabras ao comezo de varios versos.

Paralelismo Repetición de determinados versos ou estruturas no poema, de maneira que os elementos equivalentes coincidan nos mesmos lugares das estrofas respectivas.

¡O lobo! ¡Os ollos o lombo do lobo!
 Baixa o lobo polo ollo do bosco
 Movendo nas flairs dos teixos
 Ruxindo na folla dos carreiros
 En busca de vagoada máis soa e máis medosa.

Uxío Novoneyra

Cando quero vivir
 digo Moraima.
 Digo Moraima
 cando semento a espranza.
 Digo Moraima
 e ponse azul a alba.

Celso Emilio Ferreiro

Batida do vento
 tremola a bandeira
 sobre o cemiterio.
 Batida do vento
 tremola a bandeira
 nun mar de silencio.
 Batida do vento
 tremola a bandeira
 sobre os campos ermos.

Celso Emilio Ferreiro

3. Identifica os recursos baseados na repetición de elementos que se empregan nestes tres poemas.
4. Constrúe un poema onde utilices os recursos da anáfora e o paralelismo.

A poesía como xogo

A poesía é, tamén, un xogo coas palabras. Ás veces, ese xogo faise máis evidente, coma nestas mostras:


Somentes
 Intentaba conseguir
 Deixar na terra
 Algo de min que me sobrevivise.

Lois Pereiro

Caligrama Composición poética que elabora debuxos e formas coas palabras.

Acróstico Composición poética onde as letras iniciais dos versos, lidas verticalmente, compoñen unha palabra alusiva ao poema.

5. Facede poemas acrósticos cos nomes dos vosos amigos e amigas, atendendo á súa forma de ser e ás súas características máis salientables. Facede tamén poemas en forma de caligramas, de maneira que o texto «debuxe» a realidade sobre a que trata o poema.



Collectivo Ronseltz

A cohesión

A **cohesión** é a propiedade do texto que fai que os elementos que o compoñen estean ben relacionados entre si a través de repeticións, de uso de sinónimos ou de substitución de palabras por medio de pronomes e outros procedementos que iremos vendo nas próximas unidades.

Fíxate neste fragmento:



Co conto de andar xogando e falando, non nos decatamos de que se nos metía polo medio o Koke, meu irmán pequeno. O pícaro levou, sen nós querer, co balón nos focíños, mais o gromiño, no canto de chorar, botounos un sorriso, contento de que xogásemos tamén con el. Koke, o meu irmanciño, é unha pequena alimaña destemida e, ao parecer, non se deu de conta da pelotada que levara e seguiu entremeténdose nos nosos xogos como se non pasara nada. Ao pouco marchou a correr cara aos nosos pais berrándolles: papi-mami, pis e caca. Estes logo o estaban a levar polo aire, un por cada man, mentres o pequeno sorría mirándoos contento cara arriba.

Agustín Agra: *O tesouro da lagoa de Reid'ls*

O substantivo *Koke* aparece repetido dúas veces, pero no texto faise referencia a el en máis ocasións: *o pícaro*, *o gromiño*, *o pequeno*. Por outra parte, a frase *os nosos pais* tamén está relacionada co pronome *lles* de *berrándolles*, con *estes* ou co pronome *os* de *mirándoos*. Empregando estes procedementos evitamos que se repitan decote as mesmas palabras, o que facilita a interpretación do texto.

1. No seguinte texto, os elementos da mesma cor relaciónanse entre si. Asígnalle unha cor a cada un dos tres elementos que aparecen subliñados, dependendo das formas coas que se relacione.



Éravos certo que o pai de Amancio non tiña cousa ningunha, nin sequera un can para as moitas pulgas que inzaban un caseto no que gardaba unhas poucas ovellas nas noites frías. E tamén o era que o bo do home non lle daba menos voltas á súa situación ca o fillo, e non enxergaba maneira de cambiar a súa sorte. Así que, nada máis acabar o curso, falou cunha irmá que tiña emigrada e que vivía en Salamanca, e pediulle que se fixese cargo do mozo, que se cadra valía para estudar unha carreira, pero, como el non lle podía pagar unha pensión en Compostela e o moi langrán non gañara unha bolsa de estudos, a única maneira que quedaba era que fose vivir coa súa tía e estudar nesa famosa e fermosa cidade.

Moito lle pesou a Amancio ter que marchar, pero, en fin, alá foi.

Xosé Miranda: *Amancio Amigo e o Meigo de Salamanca*

O subliñado

O **subliñado** é unha técnica de traballo que se emprega para resaltar as ideas máis importantes dun texto.

Que hai que facer para subliñar?

- Débese subliñar despois de facer unha lectura xeral do texto, nunca se ha de facer na primeira lectura.
- Cómpre subliñar as ideas máis importantes e as palabras clave. Non é recomendable subliñar demasiadas liñas, xa que o subliñado perdería a súa utilidade.
- Para subliñar, o máis frecuente é trazar unha liña por debaixo das palabras, porén tamén se poden redondear ou enmarcar nun recadro as ideas principais para diferencialas das secundarias.
- É recomendable que tras o subliñado o texto que destacamos non perda sentido. Deste xeito, poderemos lembrar as ideas máis importantes do escrito sen ter que volver lelo.

1. Le o texto seguinte e busca as palabras que non coñezas para comprender mellor o seu significado. A continuación, resalta as ideas máis importantes mediante o subliñado.

Bookcrossing ou BC é a práctica de deixar libros en lugares públicos para que os recollan outros lectores, que despois farán o mesmo. A idea é liberar libros para que sexan atopados por outras persoas.

- Se alguén decide liberar un libro a través de **Bookcrossing**, hai que rexístralo antes para conseguir un número de identificación de **Bookcrossing**. Este código será o que identifique ese exemplar concreto na base de datos do sistema. Os libros que se liberen levarán unha etiqueta con este número para que a persoa que o atope entre na web de **Bookcrossing** e escriba un pequeno apuntamento para notificar o seu achado antes de soltalo de novo. Deste xeito pódese seguir a pista a cada libro.

- Pertencer a **Bookcrossing** é gratuíto, pero acéptanse doazóns para manter os servidores sen recorrer á publicidade no sitio web.

Wikipedia.org



bookcrossing.com

As novas tecnoloxías



1. As novas tecnoloxías forman parte da nosa vida. Nomea todos os dispositivos tecnolóxicos sinalados na ilustración.
2. En informática é moi común o uso de iconas: representacións gráficas esquemáticas utilizadas para identificar determinadas funcións.
 - Indica as funcións que representan as seguintes iconas usadas na redacción de textos e no envío de correos electrónicos.



3. Relaciona cada palabra da marxe coa súa definición.
 - Espazo delimitado na pantalla dun ordenador, cuxo contido pode manexarse independentemente do resto da pantalla.
 - Pequeno aparello manual conectado a un ordenador, cuxa función é mover o cursor pola pantalla para dar ordes.
 - Programa informático preparado para unha utilización específica.
 - Conxunto de programas, instrucións e regras informáticas necesarios para executar certas tarefas nun ordenador.
 - Pantalla principal do ordenador. É o punto de partida gráfico para realizar calquera actividade dentro dun sistema operativo.
 - Colector virtual onde se gardan e almacenan arquivos informáticos.
 - Marca movable, en forma de círculo, frecha ou outro signo, que serve como indicador de situación nunha pantalla.
 - Sinal secreto que permite o acceso a determinados espazos.
 - Documento de Internet ao que se accede mediante ligazóns de hipertexto.

4. **SOLTAMOS A LINGUA.** Por equipos, discutide se estades de acordo ou non coas seguintes afirmacións. Despois poñédeas en común na clase para ver se opinades todos de igual xeito.
 - O uso do teléfono móbil debería estar prohibido dentro dos centros de estudos.
 - Internet e as novas tecnoloxías axudan a facer amigos.
 - Dar os teus datos persoais na rede non é perigoso porque en todos os sitios web piden contrasinais para acceder.
 - Os libros electrónicos van facer desaparecer os de papel en poucos anos.

software
 carpeta / cartafol
 aplicación
 cursor
 páxina web
 escritorio
 xanela
 contrasinal
 rato

No vocabulario das novas tecnoloxías abundan os **estranxeirismos**, termos doutras linguas que aínda non se adaptaron plenamente á fonética e fonoloxía galegas.



O verbo: alternancias vocálicas

Os verbos con alternancias vocálicas (como *pedir, seguir e durmir*) son verbos regulares que presentan variación unicamente na vogal da raíz. Estas variacións adoitan afectar fundamentalmente ao presente de indicativo.

	PEDIR	SEGUIR	DURMIR
Presente de indicativo	pedo	sigo	durmo
	pides	segues	dormes
	pide	segue	dorme
	pedimos	seguimos	durmimos
	pedides	seguides	durmides
	piden	seguen	dormen

- Conxúganse coma **seguir**: *ferir, mentir, sentir, servir...*
- Conxúganse coma **pedir**: *divertir, medir, preferir, reflectir...*
- Conxúganse coma **durmir**: *sufrir, subir, fuxir, xurdir...*

1. Localiza as cinco formas verbais con alternancias vocálicas que hai no seguinte texto e escríbeas no teu caderno.

- Conxuga cada un deses verbos en presente de indicativo.

Ninguén apostou por nós cando dixemos que iamos formar un equipo feminino de fútbol e que algún día habíamos competir na liga do noso instituto. O certo é que o camiño non foi nada doado. Comezamos por adestrar, mellor dito tentar adestrar, no campo do propio instituto. Digo «tentar» porque cada vez que pedíamos hora, escoitabamos o mesmo: «O campo segue ocupado polos rapaces». Como sabedes, ante os obstáculos e as discriminacións sempre xorden enxeñosas alternativas, polo que á noitiña argallamos un plan para utilizar unhas instalacións que tamén nos pertencían:

—Ana, ti que es a máis áxil, vas en primeiro lugar e sobes pola cancela para comprobar que non haxa ninguén. Se sentes algún ruído sospeitoso, foxes axiña sen que te vexan e regresas para avisarnos. Nós encargámonos de que ninguén se decate da nosa entrada.

Os verbos irregulares

Os verbos irregulares son os que presentan algún cambio na raíz en determinadas persoas ou tempos verbais. Verbos como *facer, ter, ser, ir, haber, valer, oír* etc. presentan irregularidades na súa conxugación.

2. Busca no texto anterior todas as formas verbais dos verbos *dicir, ser, haber e ir* e despois conxuga estes verbos en presente, pretérito e futuro.

- Saberías dicir cal é a raíz en cada forma?

FACER		
Presente	Pretérito	Futuro
fago	fixen	farei
fas	fixeches	farás
fai	fixo	fará
facemos	fixemos	faremos
facedes	fixestes	faredes
fan	fixeron	farán

Formas infinitas e perífrases verbais

As denominadas formas infinitas ou nominais do verbo presentan características propias do verbo e ao mesmo tempo propias do substantivo, do adxectivo ou do adverbio.

- **Infinitivo**: forma substantiva do verbo. Remata en **-ar** (*cantar*), **-er** (*beber*) ou **-ir** (*partir*).
- **Xerundio**: forma adverbial do verbo. Remata en **-ando** (*cantando*), **-endo** (*bebendo*) ou **-indo** (*partindo*).
- **Participio**: forma adxectiva do verbo. Remata en **-ado** (*cantado*) ou **-ido** (*bebido, partido*).

As perífrases son complexos verbais en que aparece un verbo conxugado (*imos, está, leva...*) e outro en infinitivo, xerundio ou participio (*facen, pintando, falado*): *imos facer, está pintando, leva falado*. En ocasións poden ir relacionados mediante algún elemento (*temos que cantar, anda a xogar, debes de facelo*).

3. Substitúe as perífrases verbais que aparecen nas viñetas seguintes por un só verbo. Exemplo: *mañá celebraremos o aniversario de Estevo*.

- As oracións novas, teñen o mesmo significado ca as primeiras?



4. Relaciona as perífrases verbais que están salientadas nas seguintes frases cos significados que aparecen no cadro da dereita:

- Temos que chegar cedo
- Anda a dicir mentiras
- Ímonos enfadar con eles
- De súpeto, rompeu a chover
- Hoxe dei falado, por fin, con ela
- Xa cho teño dito moitas veces

- Repetición
- Inicio dunha acción
- Obrigación
- Acción non acabada
- Futuro
- Acción acabada

O participio ten flexión de xénero e de número: *partido, partida, partidos, partidas*.

Os verbos das perífrases que van conxugados perden parte do seu significado habitual para acadaren outro novo:

En *anda xogando*, o verbo *andar* perde o significado de 'camiñar' e a perífrase en conxunto ten o significado de 'acción non acabada' ('non para de xogar').

LETRAS E SIGNOS

- Algunhas palabras con **b**:
marabilla, móbil, automóbil, mobilidade, rebentar, trobador, abelá, ribeira, baleiro...
- Algunhas palabras con **v**:
voda, avogado, vasoira, varrer, covarde, vermello, avó, vulto, Estevo, envurullo, esvelto, verniz...

1. Representar por escrito.

E _ _ _ _ I R

2. Algo que causa grande admiración.

M _ _ _ _ L L A

3. De que cor é a neve?

_ R _ _ _ A

4. Becho arredondado que gusta das follas das patacas.

E S _ _ R A _ _ E L L O

5. Que se se pode mover.

M _ _ _ _ L E

6. Que ten medo.

_ _ _ _ _ E

7. Que non ten nada dentro.

_ _ L E R O

8. Facer unha copia dunha canción, por exemplo.

G _ A _ _ _

Uso de *b* / *v*

As letras **b** e **v** representan en galego o mesmo fonema ou son. Con todo, e debido fundamentalmente á procedencia da palabra, hai casos en que debemos empregar *b* e outros en que debemos empregar *v*.

Escríbense con *b*

- Os verbos rematados en *-bir* e *-buír* (agás *vir, servir* e *vivir*): *escribir, concibir, recibir, atribuir...*
- As desinencias de copretérito dos verbos da 1ª conxugación: *soñaba, andabamos, escoitabades...*
- Os grupos consonánticos *bl, br, bs, bt, bv...*: *establecer, nobre, abstracto, obter, obvio...*
- Os adxectivos rematados en *-ble* ou *-bel*: *notable / notábel, increíble / increíble...*

Escríbense con *v*

- Despois de *b, d, n*: *subvención, advertir, enviar...*
- As palabras co prefixo *vice-*: *vicecónsul, vicepresidente...*
- Algunhas formas do verbo *ir*: *vou, vai, vaiamos, vaiades...*
- Algunhas formas dos verbos *estar* e *ter*: *estiven, estiveras, tivésedes...*

1. Completa as palabras da marxe atendendo á súa definición.

2. Ao seguinte texto fáltanlle os bes e os uves. Reescríbeo correctamente no teu caderno.

A pa e a _asoira _an _ailando no maleteiro.

A meiga e a súa discípula deixan o coche, collen cadansúa ferramenta, seguen un camiño de ca_ras e _an dar a un sitio um_río, no que a luz da lúa chea le_anta som_ras mestas.

5 Úntanse, refregándose _en, coa untura das _ruxas, e untan os mangos da pa e da _asoira.

Sa_edes o que é e untura das _ruxas?

Unha pomada feita cos mellores ingredientes: graxa de porco, po de ra_o de lagartixa, unto de sapo e ósos de defuntos moídos; e que ser_e para _oar.

10 Sen a untura as _asoiras non poderían co peso das _ruxas.

A mai de Marta ten sempre unha a_undante pro_isión na casa da aldea, agachada nun cacho na pedra da lareira.

Xosé Miranda: *Feitizo*

Tipos de textos

- Os textos poéticos posúen unhas características propias, tanto no seu contido como, sobre todo, na súa forma.
- No que se refire ao **contido**, o poema expresa as ideas e sentimentos do seu autor, a súa visión do mundo. Trátase de textos marcados pola subxectividade.
- En canto á **forma**, os poemas adoitan estar escritos en versos (un verso é cada unha das liñas do poema). Os versos adoitan aparecer agrupados en estrofas.
- A poesía caracterízase pola economía verbal, sempre hai unha coitada selección e ordenación das palabras. A **polisemia** (pluralidade de significados que pode posuír unha palabra) e a **connotación** (significado subxectivo que, en certos contextos, se lle engade ao significado inicial dunha palabra) son recorrentes.
- O **ritmo** é o elemento esencial do poema, pois nel reside a súa musicalidade. A base do ritmo é a repetición (de sons, de acentos, de palabras, de ideas...).
- A **rima** consiste na igualdade dos fonemas situados a partir da última vogal acentuada de cada verso. Hai dúas clases de rima:
 - **Consoante**: repítense as vogais e as consoantes despois desa última vogal acentuada.
 - **Asonante**: chámase así cando as que se repiten son só as vogais.
- A **repetición de elementos** é outro recurso moi empregado na poesía.
 - **Aliteración**: repetición dalgúns sons determinados, vocálicos ou consonánticos, en palabras próximas.
 - **Anáfora**: repetición dunha palabra ou grupo de palabras ao comezo de varios versos.
 - **Paralelismo**: repetición de determinados versos ou estruturas no poema, de maneira que os elementos equivalentes coincidan nos mesmos lugares das estrofas respectivas.
- Un **caligrama** é unha composición poética que elabora debuxos e formas coas palabras.
- Un **acróstico** é unha composición poética onde as letras iniciais dos versos, lidas verticalmente, compoñen unha palabra alusiva ao poema.

O tecido da lingua

- A **cohesión** é a propiedade do texto que fai que os elementos que o compoñen estean ben relacionados entre si a través de repeticións, do uso de sinónimos ou da substitución de palabras por medio de pronomes e outros procedementos.

Técnicas da escrita

- O **subliñado** é unha técnica de traballo que se emprega para resaltar as ideas máis importantes dun texto.
 - Para subliñar primeiro débese facer unha lectura xeral do texto, subliñar as ideas máis importantes e as palabras clave.
 - O máis frecuente é trazar unha liña por debaixo das palabras, tamén se poden redondear ou enmarcar nun recadro as ideas principais para diferencialas das secundarias.
 - Tras o subliñado o texto que destacamos non debe perder sentido.

A lingua por dentro

- Os **verbos con alternancias vocálicas** (como *pedir, seguir e durmir*) son verbos regulares que presentan variación unicamente na vogal da raíz. Estas variacións adoitan afectar fundamentalmente ao presente de indicativo.
- Os **verbos irregulares** son os que presentan algún cambio na raíz en determinadas persoas ou tempos verbais.
- As denominadas **formas infinitas** ou **nominais do verbo** presentan características propias do verbo e ao mesmo tempo propias do substantivo, do adxectivo ou do adverbio.
 - **Infinitivo**: forma substantiva do verbo. Remata en *-ar, -er* ou *-ir*.
 - **Xerundio**: forma adverbial do verbo. Remata en *-ando, -endo* ou *-indo*.
 - **Participio**: forma adxectiva do verbo. Remata en *-ado* ou *-ido*.
- As **perífrases verbais** son complexos verbais en que aparece un **verbo conxugado** e outro en **infinitivo, xerundio** ou **participio**. En ocasións poden ir relacionados mediante algún elemento (*hai que cantar, anda a xogar, debes de facelo*).

Letras e signos

- Escríbense con **b**:
 - Os verbos rematados en *-bir* e *-buír* (agás *vir, servir* e *vivir*).
 - As desinencias de copretérito dos verbos da 1ª conxugación: *-aba, -abamos, -abades...*
 - Os grupos consonánticos *bl, br, bs, bt, bv...*
 - Os adxectivos rematados en *-ble* ou *-bel*.
- Escríbense con **v**:
 - Despois de *b, d, n*.
 - As palabras co prefixo *vice-*.
 - Algunhas formas do verbo *ir*.
 - Algunhas formas dos verbos *estar* e *ter*.

O galego nas novas tecnoloxías

TELEFONÍA MÓBIL

«O teu móbil en galego» (www.oteumobilengalego.com) é un portal creado para que os usuarios e as usuarias poidan acceder a todos os recursos dispoñibles na nosa lingua para os seus terminais de telefonía e a toda a información sobre as compañías que lles ofrecen aos seus clientes produtos ou servizos en galego. Podes coñecer os terminais que hai actualmente no mercado coa opción do galego e mediante que

5 operadoras conseguilos. Tes ademais a posibilidade de actualizar o teu móbil a través das descargas dispoñibles en «Galeguiza o teu móbil».

REPRODUTORES MP3 E MP4

A empresa galega Blu:Sens, por exemplo, inclúe en boa parte dos seus modelos os menús en galego (se ben aínda non distribúen as instrucións ou a información en liña en galego). Desde a firma galega sinalan que teñen configurado en galego varios modelos. Ademais, explican que «actualmente existen algunhas actualizacións que permiten incorporar o menú galego a modelos que non o traen de serie». No mercado

10 tamén podemos atopar outras marcas con reprodutores de música, coma SPC Internet ou Meizu.

DESCODIFICADORES TDT

Empresas como JVC incorporaron a algúns dos seus modelos a opción de navegar con menús en galego.

Sanyo tamén ten sintonizadores en galego para a TDT e o mesmo acontece con Blu:Sens, que dispón de gravadores na nosa lingua para a TDT con disco duro.

15 GRAVADOR DVD

Blu:Sens sacou ao mercado diferentes modelos de reprodutores de DVD e DivX co menú en galego. A marca ofrece tamén gravadores de imaxe cun disco duro interno. Para os usuarios máis avanzados está o gravador MPEG4 con disco duro, sintonizador TDT, WiFi e conexión HDMI.

http://www.xunta.es/linguagalega/o_galego_nas_novas_tecnoloxias

1. Subliña no texto a información máis importante.

2. Estes termos tirados da lectura teñen máis dun significado. Remata ti as definicións que aparecen incompletas.

móbil (liñas 1, 2 e 5)

1. Que se pode mover.

2. Teléfono

portal (l. 2)

1. Nun edificio, _____

2. En informática, sitio web que serve de entrada para acceder a toda unha serie de recursos dixitais.

navegar (l. 12)

1. Desprazarse un barco polas augas.

2. En informática, _____

menú (l. 7, 9, 12 e 16)

1. _____

2. Colección de opcións que aparece na pantalla dun ordenador.

3. ...permiten incorporar o menú galego a modelos que non o traen de serie (l. 9). Neste enunciado, o pronome *o* substitúe a frase *o menú galego*, dese xeito evítanse as repeticións de palabras e dáselle máis cohesión ao texto. Modifica os enunciados seguintes de xeito que evites repeticións innecesarias.

– A enfermeira examinou a ferida, limpou a ferida e puxo unha gasa sobre a ferida.

– Manuel botou a pelota ao outro lado dun muro. Dixen a Manuel que agora tiña que saltar o muro para coller a pelota.

– Lúa mercou un moble vello, lixou o moble, vernizou o moble e o moble quedou moi ben.

4. ...mediante que operadoras conseguilos (l. 4-5). *Conseguir* é un verbo que presenta alternancia vocálica no presente de indicativo. Conxúgao.

• ...teñen configurado en galego varios modelos (l. 8). Agora conxuga o presente, o pretérito e o futuro de indicativo do verbo *ter*. É un verbo regular ou irregular?

5. *Telefonía móbil* (l. 1) / *Gravador DVD* (l. 15).

• Completa as seguintes palabras con *b* ou *v*:

mara__illa co__arde __icepresidenta

no__reza a__ogado a__elá

6. Le con detemento o seguinte poema de Antonio García Teijeiro e despois responde as preguntas.

<i>Hai guitarras que rouban</i>	<i>din palabras sen letras</i>
<i>tristes prantos de amor.</i>	<i>as guitarras de rock.</i>
<i>Son guitarras que berran.</i>	<i>Son guitarras que aluman</i>
<i>Son guitarras de rock.</i>	<i>pentagramas sen sol.</i>
<i>Con salaios agudos,</i>	<i>Fan que os soños existan.</i>
<i>con lamentos sen voz</i>	<i>Son guitarras de rock.</i>

• Que ideas nos transmite o poema?

• Os versos teñen rima ou son libres? Que tipo de rima é, consoante ou asonante?

• Sinala as repeticións que se empregan no poema. Que se consegue na poesía mediante a repetición de elementos?